

# Miguel A. Murado, autor de *Fin de século en Palestina* 'Nos últimos catro anos de conflito morreron 19 israelís e 2.000 palestinos'

**César Lorenzo Gil**

Miguel-Anxo Murado (Lugo, 1965) é autor de *La segunda Intifada* (Ediciones del Oriente y el Mediterráneo) e *Fin de século en Palestina* (Galaxia) -Premio ao Libro do Ano dos editores e premio da Crítica Galega-, ámbalas aproximacións a unha zona que estudou e na que viviu cinco anos.

"O exército israelí está a empregar bombas de fósforo branco, unha arma que nin sequera a OTAN utiliza. Se se tratase dunha operación militar cirúxica como defende o goberno de Tel Aviv non estarían queimando as rúas de Gaza", explica Miguel-Anxo Murado apegado á realidade da invasión de Gaza e a previa operación de bombardeos aéreos no territorio palestino.

Murado entende a grande ofensiva israelí en dous contextos moi concretos. "Aínda que nos poida parecer outra cousa lendo os xornais, en Palestina nunca hai paz. A guerra é continua. O que ocorre agora é que o goberno israelí de coalición entre o dereitista Kadima e o centrista Partido Laborista está en mínimos nas enquisas e precisaba dunha acción militar profunda para gañar apoios de cara ás eleccións de febreiro. E o plan funcionoulles porque nos inqueritos subiron moitos enteiros", afirma. "O outro polo hai que buscalo en Washington. Bush ten o cargo de presidente pero non goberna. E Obama tampouco. Os dous poden ollar para outro lado".

En calquera caso, o historiador dubida de que a chegada de Obama cambie algunha cousa na rexión. "O triunfo de Obama confirmou que se poden gañar unhas eleccións nos EE UU sen o amparo do Partido Demócrata pero que é imposible gobernar fóra do partido", comenta. "Os nomeamentos do seu gabinete ditoulos directamente Bill Clinton, quen realmente goberna na sombra. E Clinton foi o presidente máis proisraelí da historia".

Segundo o autor, que escribiu un libro sobre o proceso de paz en Oslo e viviu as súas consecuencias traballando para as



Tropas israelís avanza polo norte da Faixa de Gaza, detrás dos carros de combate.

BAZRATNER / REUTERS

Nacións Unidas en Palestina, Clinton fixo posíbel lexitimar o réxime israelí. "Foi el quen convenceu a UE para que asinase un acordo comercial preferente con Israel. Antes, Europa mantiña o Estado israelí na lista de países indesexábeis. Foi Clinton quen logrou que a ONU retirase da súa carta o parágrafo que de-

fende que o sionismo é unha forma de racismo".

**MENTIRAS DE GUERRA.** Murado recorda que as explicacións que a prensa internacional dá sobre o comezo da ofensiva de Gaza son contraditorias. "Os propios xornalistas da *CNN*, *The Guardian* e *The Economist* dixeron

primeiro que a tregua a rompería Israel matando varios palestinos. Hoxe afirman o contrario. En realidade, Hamas non cre-



Miguel Anxo Murado.

## 'Israel é unha empresa privada de colonización'

En opinión de Miguel-Anxo Murado, a ofensiva destes días é unha fase máis da gran traxedia que o pobo palestino vive desde o 1948, ano da fundación do Estado de Israel. "No 1947, o 90 por cento das terras de Palestina estaba nas mans de palestinos. Desde que existe Israel nin un só día o mapa dese país deixou de medrar. As expansión non se fixo dun xeito imperialista: Israel non quere asimilar os palestinos e considerarlos israelís, quere expropriar as súas terras e deportar os habitantes. Hoxe hai varios millóns de palestinos refuxiados e o seu futuro é o real cerne do conflito", narra. "Israel é o único país do mundo que non declarou as súas fronteiras e está

nas mans de negociantes que manteñen desde hai moitos anos unha empresa privada de colonización".

**QUE PASARÁ EN FEBREIRO?** O escritor considera que as eleccións israelís de febreiro fortalecerán a xa existente hexemonía da ultradereita. "É probable que entre integristas xudeus e ultrasionistas obteñan unha maioría folgada no parlamento", adianta. "Isto supón que non haberá mudanza ningunha no réxime, baseado na discriminación étnica, na lei rabinica -que entre outras cousas impide os casamentos civís e o divorcio e permite o repudio da esposa polo seu home- e outras formas de dereito antidemocráticas".

O problema é que os os palestinos non teñen nada que lle ofrecer ao mundo e ningunha potencia se vai comprometer coa súa causa"

Para Murado, a única solución ao conflito é a intervención internacional. "Mais o problema é que os palestinos non teñen nada que lle ofrecer

bou ningunha paz. Asinara un cesamento do fogo de seis meses e non o renovou por considerar que non se cumpriran os mínimos requiridos para mantela. E des que anunciou que retomaba a loita armada, a súa actividade reduciuse ao lanzamento de 30 foguetes caseiros", resume. "Aínda que as cifras son frías de máis cando se fala de vidas humanas, hai que lembrar que nos últimos catro anos morreron 19 israelís fronte a 2.000 palestinos".

Outro dato ausente das páxinas dos xornais, segundo o historiador, é o resultado electoral nos comicios palestinos do 2005. "Hamas gañou as eleccións lexislativas. A constitución palestina recoñece que as forzas de seguridade dependen do primeiro ministro", subliña. "O presidente, Mahmud Abbas, negouse ao traspaso de poderes. Hai que recordar que a seguridade en Gaza nos tempos de Fatah estaba ao cargo de Mohamed Dahlan, un colaboracionista que ademais foi axente da CIA. Pois ben, des que é Hamas quen controla Gaza reducíronse moito os lanzamentos de foguetes". ●

ao mundo e ningunha potencia se vai comprometer coa súa causa nunca".

Deste xeito, o futuro a medio prazo pasa, segundo a opinión do historiador, polo cambio demográfico. "Pensemos no ataque contra Hamas en Gaza: 1.000 milicianos controlan 15.000 militantes nun contexto de 1,5 millóns de gazatís onde se cultiva un permanente viveiro de remudas para os que caen en combate. Neste século xa morreron 12 ou 13 líderes de Hamas", afirma.

"Nas universidades de Israel varios autores xa defenden a insustentabilidade do sionismo. Nun contexto no que Israel perdeu xa a batalla demográfica contra os palestinos, chegará un momento -como ocorreu en Sudáfrica- onde novas xeracións do réxime se dean de conta de que a única maneira de sobrevivir é asimilar a poboación árabe. ●